

ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE SAN PABLO DE CATABOIS DO DÍA 22 DE ABRIL DE 2016

No local do Centro Cívico de San Pablo, situado na Rúa Carballo s/n, Ferrol, sendo as 19:15 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de San Pablo de Catabois cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	15	Nº de homes:	10
		Nº de mulleres:	5

Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación da a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Olalla López da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de San Pablo de Catabois tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as as seguintes persoas:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título inividual	Kepha Fontenla Fuster
En representación de entidades	

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
Kepha Fontenla Fuster

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas.

Por parte dunha das persoas asistentes que ocupou unha das vicepresidencias no anterior procesos de asembleas manifestase que asemblea xa aprobara o seu regulamento de funcionamento interno nunha xuntanza anterior.

Iniciase un debate sobre o papel das asembleas de barrio e o papel da Asociación de veciños do barrio como interlocutor das demandas veciñais.

Por parte dun representante da entidade veciñal indicase que o Concello xa é coñecedor das demandas do barrio que xa están cansados de presentar escritos e non recibir respostas e de pasar o día intentando reunirse cos/as concelleiros/as da corporación para transmitirles as demandas do barrio, que o importante é que os membros da corporación veñan ao barrio para coñecer directamente a problemática do mesmo.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de San Pablo de Catabois e que a modo de resumo son os seguintes:

- Falta de rede de saneamento en zonas do barrio.
- Responsabilidae e coidado do barrio polo Concello en especial a zona do Campo de Tiro.
- Estado das vivendas de San Pablo.
- Plan xeral de ordenación municipal. Recalificación do solo.
- Problemas de convivencia e seguridade.
- Carteis nos parques infantís prohibindo os cans.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 21:00 horas.

O concelleiro delegado da área de
Participación, Novas Tecnoloxías
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro